

ILLA DE ONS, NAUFRAXIO INGLÉS DE 1604 NA RUTA MARÍTIMA XACOBEO

Por: Yago Abilleira Crespo

Rematamos pois cos curiosos documentos que se gardan no *Archivo Histórico de la Nobleza* (Toledo) sobre a Illa de Ons na sección do Marquesado de Mos-.Valladares, pois os restantes documentos tratan sobre asuntos máis cotiáns: temas da pertenza da illa a tal ou cal señor ou o pastoreo e caza non autorizados nas terras do señor. Neste caso trátase dunha testemuña que, pola causa que fora, separouse do expediente principal e alí quedou. Unha mágoa, porque seguro que o expediente daba máis información. Nesta ocasión púidose ler todo o documento, agás algunha que outra palabra solta.

En 1604, Inglaterra e España estaban en guerra...sobre o papel. O ano anterior morrera sen fillos a raíña inglesa Isabel I, da dinastía dos Tudor, e sucedeu no trono Jacobo I, da dinastía dos Estuardo. Atrás quedou un largo conflito, no que destacaron a Armada Invencible e a defensa de A Coruña por María Pita. O novo rei non tiña ningún interese en continuar unha ruínosa e desfavorable guerra contra España e a paz dábbase por feita. E tanto, pois uns meses despois dos feitos aquí narrados, asinábase o Tratado de Londres que certificaba o fin da guerra. Por iso os navegantes van a ser tratados cordialmente, porque xa non se lles consideraba inimigos...se naufragaran dez anos antes, o conto sería distinto.

A mediados de Marzal de 1604 achegouse a Ons o barco inglés chamado *Francés*, quizais por ter donos ingleses e ser mercado en Francia pero non está claro o por que do nome. Veu a protexerse do mal tempo, pero ós poucos días a forza dos elementos provocaron o seu afundimento nalgún lugar da illa. Dos dezanove homes que ían a bordo, afogouse un rapaz, salvándose o resto.

O navío levantara áncoras de Limerick (Irlanda) con destino a Lisboa e Baiona (non se aclara se de Francia ou de Galicia) cun cargamento de coiros (curtidos e salgados), trigo en barricas, sebo branco, manteiga, salmón salgado e unhas poucas fresas (si, en Irlanda cultívanse fresas, eu tampouco o sabía).

A razón do preito foi que uns veciños de Portonovo levaron mercadorías do buque naufragado (seguramente foise contra as rochas) sen o permiso dos ingleses, e que o señor da illa tamén quería ter parte nelas porque o barco deu nas súas terras.

Fonte:

España. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Archivo Histórico de la Nobleza, Marquesado de Mos-Valladares, Caja 18, Documento 23



Zona leste da Illa de Ons. Lugar onde, dende sempre, se refuxiaban os barcos e fondeaban para facer augada.

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU

